

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**15710** *Real decreto 1719/2012, do 28 de decembro, polo que se establece a asignación de dereitos de pagamento único da reserva nacional, no marco do programa de reestruturación do sector lácteo.*

O sector vacún de leite español encóntrase desde hai anos nun intenso e continuo proceso de reestruturación, en gran parte estimulado pola Administración, froito do cal se pasou das 140.000 explotacións existentes nos anos 90 ás 21.000 actuais cun incremento substancial da dimensión das explotacións. Esta reestruturación realizouse fundamentalmente a través de medidas relacionadas coa xestión da cota láctea tales como programas de abandono e reasignación, asignación directa de cota da reserva nacional, regulando a compra-venda de cota e, desde 2006, tamén facendo uso da reserva nacional de dereitos de pagamento único, para complementar o apoio aos produtores partícipes das medidas nacionais de reestruturación, en aplicación do número 3 do artigo 41 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agraria común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

A finalidade de todas estas medidas foi mellorar o tecido produtor buscando unha dimensión media na explotación que se aproximase á media dos nosos socios comunitarios co fin de equipáramos en termos de competitividade.

O proceso de reestruturación reforzouse e renovouse en 2009 coa elaboración e impulso da estratexia para o sector lácteo español «Horizonte 2015». Este plan comprendía diversas medidas relacionadas co sector lácteo en ámbitos como a mellora da competitividade e a calidade, o equilibrio de mercado, a mellora da información e a transparencia da produción e comercialización do leite e o reforzo da cohesión intersectorial e mellora das relacións entre os integrantes da cadea de valor do leite. Pero, de forma moi importante, seguía incidindo, en particular, no proceso de reestruturación das explotacións. Fundamentalmente intensificando as actuacións no ámbito da xestión dos incrementos de cota láctea concedidos no «recoñecemento médico» da PAC, para alcanzar o obxectivo de redimensionamento anteriormente mencionado e alcanzar o ano 2015 nas mellores condicións posibles cun sector lácteo máis competitivo, sustentable e orientado ao mercado.

As ferramentas implementadas para estes fins no marco do dito programa de reestruturación foron fundamentalmente medidas no ámbito da xestión de cota láctea: asignación gratuíta de cota procedente da reserva nacional en explotacións prioritarias, flexibilización do sistema de cesións temporais de cota entre produtores, cesión gratuíta do dereito de uso da cota existente na reserva nacional, flexibilización do sistema de retencións á conta no réxime da taxa láctea. Todas as explotacións españolas foron beneficiarias potenciais dunhas ou doutras medidas.

O Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, sobre a aplicación do réxime de pagamento único na agricultura e a integración de determinadas axudas agrícolas nel a partir do ano 2010, determina que os produtores lácteos en proceso de reestruturación poidan acceder á obtención de dereitos de pagamento único da reserva nacional. Todo isto coa finalidade de avanzar na reestruturación do sector lácteo.

Esta ferramenta, que -como se indicou- se vén empregando desde 2007, tivo un efecto positivo ao mellorar a dimensión das explotacións e evitar, en boa parte, o seu abandono. Porén, as cifras de explotacións que cesaron a actividade desde a campaña 2009/10 non deixan de ser preocupantes. Así mesmo, esta situación reflicte que o apoio en forma de pagamentos directos da PAC resultou insuficiente para asegurar o obxectivo de apoiar a renda do sector gandeiro lácteo e, por tanto, de garantir un nivel de vida equitativo da poboación agraria das zonas rurais onde estas explotacións se sitúan.

Ante esta situación, considérase conveniente dar un novo impulso ao sector produtor de leite de vaca, aproveitando os instrumentos recollidos na regulamentación comunitaria, para incrementar os apoios vía axudas directas desligadas que reciben estas explotacións. Esta acción debe supor un reforzo económico para as explotacións, en particular as de mediano tamaño, de forma que o pagamento único cumpra a súa misión de servir como limiar de renda para garantir a competitividade do sector produtor, retribuindo a este pola súa achega aos bens públicos (subministración de alimento de primeira necesidade) que o mercado non é capaz de retribuír. Desta forma, preténdese contribuír á viabilidade das explotacións e á súa subsistencia no medio rural, especialmente nas áreas en que esta actividade é tradicional e ten moi poucas alternativas, e tratar de evitar a súa completa substitución por un modelo de produción que para ser competitivo debe ser tamén ambiental e economicamente menos sustentable.

O artigo 41.3 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, permite aos Estados membros que non apliquen o artigo 68, número 1, letra c), do mesmo regulamento facer uso da reserva nacional de pagamento único para establecer, conforme criterios obxectivos e de tal forma que se garanta a igualdade de trato entre os agricultores e se evite calquera falseamento do mercado e da competencia, dereitos de pagamento aos agricultores de zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública, con obxecto de previr o abandono de terras ou para compensar os agricultores polas desvantaxes específicas que sofren nas ditas zonas.

Deste modo, a nova axuda directa para as explotacións lácteas en proceso de reestruturación articularase en forma de dereitos de pagamento único da reserva nacional. Esta asignación realízase dunha maneira única na campaña 2012.

O capítulo IV do Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, establece as disposicións aplicables en relación coa asignación dos dereitos procedentes da reserva nacional. Estas normas serán de aplicación ao novo apoio que se regula neste real decreto, ben que, atendendo ao seu carácter excepcional, se prevén criterios específicos que deben cumprir as solicitudes deste novo caso de acceso á reserva nacional.

Mediante o disposto neste real decreto preténdese dar un apoio suplementario ás explotacións leiteiras de maneira que se favoreza a reestruturación e o desenvolvemento das que teñen unha dimensión próxima ao marco da media comunitaria (305.000 kg de produción de leite).

Por tanto, prevese a asignación de dereitos de pagamento único procedentes da reserva nacional aos produtores de leite que se encontran neste proceso de reestruturación ou desenvolvemento. Estes dereitos de pagamento único asignaranse, de acordo cos requisitos previstos neste real decreto, a aqueles produtores que realizasen entregas de leite no período de taxa 2011/12.

Esta asignación está suxeita ás condicións e aos requisitos previstos no Regulamento de execución (UE) n.º 1271/2012 da Comisión, do 21 de decembro de 2012, polo que se establecen excepcións a determinadas disposicións do Regulamento (CE) n.º 1122/2009 con respecto ás posibilidades de presentación de solicitudes de axuda en virtude do réxime de pagamento único para 2012 e de atribución de dereitos de pagamento, ou de incremento do seu valor unitario, procedentes da reserva nacional en 2012, e con respecto ao contido da solicitude única; do Regulamento (CE) n.º 1120/2009 no tocante á declaración dos dereitos de pagamento en 2012, e do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello no relativo á verificación das condicións de admisibilidade antes dos pagamentos e á data en que as parcelas deben estar á disposición dos agricultores, en canto á

ampliación do prazo de presentación de solicitudes de axuda en virtude do réxime de pagamento único para 2012, para a asignación de dereitos de axuda procedentes da reserva nacional en 2012 e respecto á verificación das condicións de elixibilidade previas ao pagamento. Na súa virtude, procede establecer un novo período de solicitude única da campaña 2012 exclusivamente para os gandeiros cuxas explotacións se encontren suxeitas ao programa de reestruturación lácteo.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2012,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable a unha nova asignación de dereitos de pagamento único da reserva nacional aos produtores cuxas explotacións se encontren suxeitas a un programa de reestruturación do sector lácteo, conforme o previsto no artigo 41.3 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agraria común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

##### Artigo 2. *Acceso á reserva nacional de pagamento único.*

1. Sen prexuízo do previsto no Regulamento de execución (UE) n.º 1271/2012 da Comisión, do 21 de decembro de 2012, na campaña 2012, poderán acceder aos dereitos de pagamento único procedentes da reserva nacional os produtores de vacún de leite que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Dispor, no período de taxa 2011/12, dunha cota por encima de 12.500 kg e ter realizado, para o mesmo período, entregas e/ou vendas directas, igualmente, por encima de 12.500 kg.

b) Presentar a solicitude única con cargo ao ano 2012, segundo o establecido no artigo 1 do Regulamento 1271/2012 da Comisión, do 21 de decembro de 2012, incluíndo nela a declaración de hectáreas admisibles para efectos do réxime de pagamento único e solicitando a asignación de dereitos da Reserva Nacional do Réxime de Pagamento Único.

2. Os produtores deberán presentar a solicitude única no período comprendido entre o día seguinte ao da publicación deste real decreto e o 31 de xaneiro de 2013, ambos inclusive, en calquera dos lugares previstos no número 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A solicitude irá dirixida ao órgano competente da comunidade autónoma en que radique a explotación do solicitante ou a maior parte da súa superficie. En todo caso, a solicitude única incluírá o contido mínimo establecido no artigo 85 do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación, a partir de 2012, dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.

A solicitude única poderase presentar por medios electrónicos ou por calquera das formas que estableza a autoridade competente.

3. Non obstante o previsto no número 1.b), todos aqueles produtores que presentasen a solicitude única con cargo ao ano 2012 con anterioridade á publicación deste real decreto no prazo e a forma establecidos na sección 1.<sup>a</sup> do título VI do Real

decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, e nela declarasen hectáreas admisibles en que solicitasen o réxime do pagamento único, e que non pretendan introducir nela modificación ningunha con respecto ás hectáreas admisibles declaradas, non estarán obrigados a presentar nova solicitude. A autoridade competente poderá solicitarlles aos produtores información adicional precisa co fin de comprobar a adecuada correspondencia de datos das solicitudes presentadas para a atribución dos dereitos que correspondan en virtude do disposto neste real decreto.

Neste caso, tramitarase a asignación de dereitos regulada neste real decreto en función dos datos que constan na dita solicitude única para o exercicio de 2012, sen prexuízo das comprobacións que poida levar a cabo a autoridade competente, salvo que renuncien expresamente e por escrito á dita asignación.

4. A asignación de reserva nacional regulada neste real decreto é compatible coas establecidas no número 2.c do artigo 23 do Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, e seranlle de aplicación todas as disposicións establecidas para o dito número con excepción das condicións xerais establecidas nos números 2, 3 e 5 do artigo 24 do Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro.

#### Artigo 3. *Importe individual de referencia.*

1. Establécese un importe individual de referencia para cada beneficiario, que se calculará sobre a base da súa cantidade de referencia elixible.

2. Entenderase por cantidade de referencia elixible a cantidade de leite entregado e/ou as vendas directas realizadas na explotación polo produtor no período de taxa 2011/12, limitadas pola cota dispoñible do produtor para a dita campaña.

3. O importe individual de referencia fixarase para cada produtor atendendo aos seguintes estratos en función da cantidade de referencia elixible:

- a) Entre 12.501 e 200.000 quilogramos, 4 euros por tonelada.
- b) Entre 200.001 e 305.000 quilogramos, 5 euros por tonelada.
- c) Entre 305.001 e 500.000 quilogramos, 4,5 euros unicamente para os primeiros 305.000 kg.
- d) Por encima de 500.000 quilogramos, 4 euros unicamente para os primeiros 305.000 quilogramos.

4. Os quilogramos de cantidade de referencia elixible por encima de 305.000 quilogramos non xeran importe individual de referencia.

5. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá modificar os importes individuais de referencia establecidos no número 3 se a dispoñibilidade orzamentaria o fai necesario.

#### Artigo 4. *Criterios para o cálculo da reserva nacional.*

Os agricultores situados en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública, de conformidade co artigo 25.3 do Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, recibirán dereitos da reserva nacional de acordo cos criterios establecidos no Regulamento (CE) n.º 1120/2009 da Comisión, do 29 de outubro, polo que se establecen disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no título II do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro.

#### Artigo 5. *Asignación de dereitos da reserva nacional.*

1. Os dereitos de axuda asignaranse en virtude do disposto no artigo 26 do Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro.

2. No caso de transferencias de cota entre produtores referidas no artigo 35 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, a asignación dos dereitos realizarase a favor do novo titular da explotación, sempre que este reúna os requisitos establecidos no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE